



Expediente IET: P-20-538
Proxecto: Parque eólico Xeada
Concellos: Quiroga (Lugo); A Rúa e Vilamartín de Valdeorras (Ourense)
Promotor: Neiva Directorship, S.L.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 28/03/2022 o Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) documentación relativa ao proxecto Parque eólico Xeada.

1. Antecedentes:

Con data do 16/10/2020 o Instituto de Estudos do Territorio emitiu un informe sobre este proxecto, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria. Nese informe indicábase que o estudo de impacto ambiental (EIA), de acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, tiña que incorporar un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), debendo o seu contido axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008. Ademais facíanse unha serie de consideracións sobre os posibles efectos das infraestruturas na paisaxe e se indicaban distintos criterios e recomendacións encamiñados a minimizar os impactos e acadar unha mellor integración paisaxística do proxecto.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.



3. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

A documentación que se somete a informe é o estudo de impacto ambiental (EIA) e un arquivo en formato *shapefile* coa representación gráfica das infraestruturas e instalacións do parque eólico (ambos documentos con data de decembro 2021).

O proxecto consiste na instalación do parque eólico Xeada de 33 MW, composto por 5 aerogeradores e a súa infraestrutura asociada (camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias para a rede eléctrica e de comunicacións, centro de seccionamento e medida, e unha torre meteorolóxica). Os aerogeradores terán 6,6 MW de potencia unitaria, cunha altura de buxa de 135 metros, e un diámetro de rotor de 170 metros. A torre meteorolóxica acadará unha altura de 135 metros. O centro de seccionamento consta dun edificio prefabricado de formigón cunha dimensións de 7,2 metros de lonxitude, 3 metros de fondo e 2,7 metros de altura. A lonxitude total dos camiños do parque é de 18.409 metros, dos que 8.801 metros son de nova execución e 9.560 metros corresponden a pistas existentes que será necesario acondicionar. As gabias de cableado acadan unha lonxitude total de 12.732 metros.

O proxecto presenta modificacións respecto ao informado o 16/10/2020. Instalaranse aerogeradores de maiores dimensións (antes tiñan 105 metros de altura de buxa e 150 metros de diámetro de rotor) pasando o número total de máquinas de 12 a 5.

O estudo de impacto ambiental inclúe un EIIP como documento específico (anexo D).

4. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o proxecto localízase na grande área paisaxística Ribeiras Encaixadas do Miño e do Sil, na comarca paisaxística Valdeorras. As áreas de especial interese paisaxístico (AEIP) máis próximas son a AEIP-01-20 Os Tesos de Montouto, a uns 2 km ao norte, a AEIP-05-15 Cernego, a 2,3 km ao sur, e a AEIP-05-07 Paradaseca-Val do Río Soldón uns 5 km ao oeste. Máis lonxe atópanse a AEIP-01-17 O Courel, a 7,8 km, ao norte; a AEIP-01-19 Pregamento de Campodola-Leixazos, a uns 11 km ao noroeste; a AEIP-05-14 Montefurado a 11,5 km ao suroeste; a AEIP-01-18 Río Lor e Serra do Biduedo, a 12,4 km ao noroeste, e a AEIP-05-08 Serra da Enciña da Lastra, a 12,5 km ao nordés. En relación aos miradoiros, os máis próximos sitúanse ao sur e son os de O Barranco do Rubio, a 6,7 km e o Mirador da estrada de Roblido a 8,5 km. Máis lonxe localízanse o Miradoiro de Bustelo, a uns 9 km ao noroeste; o de A Golada, a 9,3 km ao norte; Pía Paxaro e Serra do Courel-Pía Paxaro, a 10,8 km e 11,6 km, respectivamente, en dirección norte; os miradoiros de Campodola-Quiroga e o Alto do Boi, a 12,5 km, ao noroeste; Monte Furado, a 12,5 km ao suroeste e o Miradoiro dos Penedos do Oulego a 13,7 km ao nordés. Respecto a outros valores recollidos no Catálogo, o Camiño de Santiago (Camiño de Inverno) discorre a 7 km ao sur do parque.

As infraestruturas do parque eólico conforman unha aliñación seguindo os cumios no sector setentrional da serra do Cereixido, dende o Alto da Poza ata as proximidades da Pena da Fouce, no límite entre os concellos de Quiroga e Vilamartín de Valdeorras. Trátase dunha paisaxe montañosa, con altitudes ao redor dos 1.200 metros, labrada por numerosos regatos que descendendo encaixándose nas ladeiras formando profundos vales de pendentes acusadas ata verter as súas augas no río Sil. Nas serras predominan as repoboacións forestais de piñeiros e eucaliptos mesturadas con zonas de matogueira e afloramentos rochosos. A vexetación arbórea autóctona aparece formando pequenos bosques de ribeira nas cabeceiras e nas marxes dos cursos fluviais. Nesta contorna existen numerosas pistas abertas como devasas, ou para dar acceso ás zonas de aproveitamento forestal. Os núcleos rurais son de pequeno tamaño, amosan unha estrutura compacta e aparecen dispersos situados a media ladeira ou no fondo dos vales. O asentamento máis próximo é o de O Robledo, localizado a un quilómetro ao sur do aerogenerador XD-5. As poboacións de maior entidade máis próximas ao parque sitúanse en dirección sur, no val do Sil, e son Vilamartín, a uns 6 km; A Rúa, a uns 8 km; O Barco, a uns 9 km, e Petín a 9,5 km. As principais vías de comunicación correspóndense coas estradas nacionais N-120 e N-536, e as autonómicas OU/LU-933.





5. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP consta dunha diagnose do estado actual da paisaxe tomando como referencia o contido do Catálogo das paisaxes de Galicia, un estudo da calidade e a fragilidade visual do ámbito, calcúlanse as cuncas visuais dos aeroxeradores e se analiza a visibilidade apoiándose en montaxes fotográficas, identifícanse e valóranse os impactos e se describen as medidas preventivas e correctoras adoptadas para minimizalos. Respecto á descrición das características básicas do proxecto, o EIIP remítese ao contido do ESI. Finalmente incorpora un apartado de xustificación do cumprimento das Directrices de paisaxe. Polo tanto, o EIIP inclúe en xeral os contidos esixibles de acordo co artigo 11.2 da Lei 7/2008, e cos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

Segundo a análise de visibilidade realizada no EIIP para un radio de 15 km, as infraestruturas do parque eólico serán visibles desde distintas AEIP e miradoiros, e dende un tramo do Camiño de Santiago (Camiño de Inverno) entre os núcleos de Valdegodos (Vilamartín) e Coedo (O Barco). Así mesmo, os aeroxeradores terán incidencia visual sobre os núcleos rurais, principalmente sobre aqueles situados máis próximos como o Robledo, e sobre a vila de O Barco. O proxecto provocará, polo tanto, un impacto paisaxístico derivado da intrusión visual das infraestruturas do parque, principalmente os aeroxeradores e a torre meteorolóxica, por situarse en posicións elevadas, dominantes no relevo, o cal lles confire unha alta visibilidade, e por tratarse de elementos ajenos á paisaxe natural. Estes impactos veranse incrementados pola sinerxía con outros parques eólicos que, segundo os datos do Rexistro eólico de Galicia, se atopan en tramitación, autorizados ou en funcionamento na contorna do proxecto. Os máis próximos localízanse a 2,8 km ao sur, e outro a 3,3 km ao suroeste (ambos en tramitación), aparecendo un parque autorizado a uns 4 km en dirección leste.

Tamén se poden producir afeccións a elementos naturais de interese paisaxístico como son os afloramentos rochosos de cuarcitas que lle engaden valor estético ás escenas destas montañas aparecendo formando bandas continuas e cristas nos cumios e ladeiras. Neste caso, veríanse afectados os resaltes rochosos que atravesa o camiño proxectado entre os aeroxeradores XD-3 e XD-4.

Respecto ás medidas de integración paisaxística previstas no EIIP, poden considerarse en xeral adecuadas, se ben deben completarse de acordo co que se sinala no apartado seguinte.

6. Conclusión:

Polo que atinxe ao contido do EIIP, este considérase completo e axustado ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

O principal impacto paisaxístico deste proxecto será a incidencia visual producida polos aeroxeradores, que pola súa forma e altura, serán visibles desde unha ampla extensión de terreos e a longas distancias; esta incidencia perdurará durante todo o tempo no que estean presentes as instalacións, e verase incrementada polo efecto sinérxico derivado da presenza doutros parques eólicos na contorna. Neste caso, entre as áreas afectadas pola incidencia visual caben destacar os núcleos de poboación, rurais e urbanos, mencionados no apartado anterior, as AEIP, os miradoiros, e o Camiño de Santiago (Camiño de Inverno). Esta incidencia visual aínda que non supón un impacto crítico, non pode ser mitigada con medidas correctoras agás nos núcleos rurais. A este respecto, no caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual, estudando a posibilidade de realizar



plantacións arbóreas con especies autóctonas nas proximidades dos núcleos, de consenso cos seus habitantes (directriz de paisaxe DX.20.c).

En relación aos afloramentos rochosos de cuarcitas no camiño de acceso entre os aeroxeradores XD-3 e XD-4, deberase valorar a posibilidade de utilizar as pistas xa abertas no territorio, ao leste das proxectadas, para evitar a afección a estas formacións naturais (directrices de paisaxe DX.17.a.4 e DX.20.f).

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do RLPPG, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

